



PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020/21 NO CEEPR ASPABER

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

1. DENOMINACIÓN DO CENTRO, ENDEREZO E TELEFONOS:

CEEPR Aspaber, lugar A Brea s/n 15100 Carballo

Teléfono: 981 70 26 06

Código de centro: 15033071

2. MEMBROS DO EQUIPO COVID

Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias.

Nome e apelidos	Función	Teléfono
Dolores Fernández García		
Susana Villar Silván		
Valvanuz Coterillo Frías		
María González Casas		

3. CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA:

Centro Saúde Carballo, Av. Ambulatorio s/n

Teléfono 981 70 25 17 Carballo

Persona de referencia: Antonio Bello González /Silvia Vázquez Pérez

4. ESPAZO DE ILLAMENTO COVID

Habilitaremos a sala de reunións como aula de illamento.

Este espazo contará con ventilación adecuada, solucións hidroalcohólicas, papeleira de pedal e panos desbotables.

A sala disporá dun pupitre e unha cadeira e unha zona de colchonetas, asemade, terá material específico coma bata e máscaras hixiénicas para un posible caso.

5. ALUMNADO:

NOME E APELIDOS	AULA	modalidad
	Azul	Completa
	Azul	Completa
	Azul	combinada
	Azul	Completa
	Azul	Completa
	Azul	Completa
	Azul	combinada
	AULA	modalidad
	Vermella	Completa
	Vermella	Completa
	Vermella	combinada
	Vermella	Completa
	Vermella	Completa
	Vermella	Completa
	Vermella	Completa
	Vermella	completa

6. CADRO PERSOAL

Nome e apelidos	Posto	Enderezo	Teléfono
Dolores Fernández García	Directora		
Susana Villar Silván	Mestra		
Valvanuz Coterillo Frías	Mestra		
Marta Chans Sánchez	Logopeda		
Samantha Martínez López	Fisioterapeuta		
Irene Rama Nión	Psicóloga		
Jesús Muñiz Sánchez	Auxiliar técnico educativo		
María González Casás	Traballadora social		
Jose Manuel Castro Tato	Psicopedagogo		

7. DETERMINACIÓN GRUPOS ESTABLES CONVIVENCIAIS

A organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, como un dos grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito se aplicarán criterios de limitación de distancia non moi rixidos. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en tódalas actividades que se realicen dentro do centro educativo.

8. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

Principios sanitarios básicos:

As previsións iniciais figuran no “Plan de Reactivación no ámbito Infanto Xuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2” que contén medidas preventivas para evitar a aparición de novos gromos e eventualmente deter unha posible transmisión comunitaria.

De onde se extraen os principios básicos

- Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia.

Cales son as medidas básicas que afectan ao centro educativo?

Con carácter xeral, a actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas do sistema educativo. A suspensión xeralizada da actividade lectiva presencial de forma unilateral por parte da Comunidade Autónoma, únicamente se adoptará diante de situacións excepcionais.

Que é a auto avaliación do alumnos/as?

Utilizarase a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

Que acontece cos alumnos vulnerables?

No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende médico ou pediatra.

Que fago se teño síntomas na casa?

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ó centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

O centro educativo informará, explícitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ó centro educativo. Os centros educativos poden establecer mecanismos para a identificación de síntomas nos alumnos á entrada ao mesmo ou unha declaración responsable dos proxenitores ó inicio do curso escolar. Porén a medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ó centro escolar. (ANEXO 6)

Que acontece se os síntomas aparecen no centro educativo?

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o su facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba.

Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado.

Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

Que acontece se un familiar ten unha proba positiva ou ten sospeita, que facer?

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ó centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

MEDIDAS XERAIS DE GRUPOS CONVIVENCIAIS:

- De forma xeral, manterase unha distancia interpersonal de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.
- Na medida do posible intentarase o uso da máscara en todo o horario lectivo polo alumnado.
- O uso da máscara por todo o persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.
- Evitar tocar os ollos, a nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Á entrada e saída do centro, esixirase a toda as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula.
- Habilitar dispensadores de solución hidroalcohólica baixo control do persoal do centro polo posible uso non axeitado sen supervisión.
- Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica ou auga e xabón atendendo ás características e necesidades dos noso alumnado.

- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans. Recomendase un mínimo de 5 veces ó día.
- Instalación de portapanos desbotables nos aseos e espazos comúns.
- O uso adicional de gafas/viseiras protectoras non é obrigado aínda que non se prohíbe para as persoas que voluntariamente as usen.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
 - Ó tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado, manter distancia.
 - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
 - Informarase do uso correcto da máscara e do xeito de poñela e sacala.

Con anterioridade ó inicio do curso, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

- ✓ Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula.
- ✓ O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
- ✓ Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa.
- ✓ Considerase pouco recomendable pola falsa seguridade que pode transmitir, o de uso de luvas. Agás no caso do persoal de limpeza e os coidadores nos aseos o seu uso é obrigatorio.
- ✓ Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.
- ✓ Quedan suspendidas as actividades dentro do centro que supoñan a entrada de persoas alleas ao mesmo, sen unha necesidade.

- ✓ Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan unha especial proximidade.
- ✓ Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.

9. CANLE DE COMUNICACIÓN EQUIPO COVID-FAMILIA E PERSOAL

PERSOAL

A información contida neste Plan será transmitida ó persoal do centro mediante correo electrónico, e tamén quedará a dispor unha copia impresa en administración. Tódalas decisións que se tomen estarán incluídas neste Plan de Acción para o necesario e obrigado coñecemento de todo o persoal.

Se algunha persoa traballadora ten contacto directo ou indirecto fóra do centro con algunha persoa diagnosticada coa COVID-19, ou ten sintomatoloxía compatible ca COVID-19 deberá chamar á coordinadora deste Plan de Acción e poñerse en contacto coa súa profesional de referencia dos servizos sanitarios, seguindo as instrucións que se lle faciliten polas autoridades sanitarias.

FAMILIAS

A información contida neste Plan será transmitida ás familias por correo postal e/ou correo electrónico.

Calquer dúbida ou consulta, será atendida polas persoas do equipo covid por teléfono. Informarase ás familias de que no caso de que o alumnado teña síntomas compatibles coa COVID-19 ou contacto con persoa diagnosticada ou en sospeita, non pode acudir ó centro e deberán informar inmediatamente á coordinadora do Plan, e co seu médico de referencia. Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono, videochamada ou whastapp do centro.

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e contacto telefónico.

Para calquer dúbida ou consulta sobre o plan ou a COVID-19 deberán chamar o teléfono do centro 981 70 26 06.

10. REXISTRO AUSENCIAS

Ante o caso de non asistencia ó centro do alumnado, e previo aviso por parte das familias, rexistrarase no cadro de asistencia ó centro cunha letra “C”, para marcar a xustificación debido a situación do COVID-19

En caso do persoal, previa aviso a coordinadora do EQUIPO COVID levará o control noutro cadro o servizo administrativo do centro.

11. PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS AS AUTORIDADES SANITARIAS EDUCATIVAS

Dende a Consellería de Educación habilitarase unha canle informática, denominada “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos estreitos dos posibles casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo COVID do centro incluírá a información dos contactos estreitos do afectado/a, entre eles o compañeiros/as de aula, os mais próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do transporte e do comedor escolar, os compañeiros do transporte particular no que viaxan varios nenos do centro, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais. O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares terán que ser recollidos polo SERGAS. A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a xefatura territorial da consellería de Sanidade solicite

información no caso de que exista casos sospeitosos por sintomatoloxía compatible con COVID 19 que estean a ser investigados ou nos que existan indicios de que teñan xurdido no centro educativo.

No caso de que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) teña confirmación dun caso positivo dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun profesional que traballe no mesmo, incluírá a información na aplicación informática onde solo resultará visible para o equipo COVID do centro escolar.


A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado ubministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.

O equipo COVID de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias comunicadas derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.


MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

12. BOSQUEXOS DAS AULAS



Anexo 7. Distribución dos postos do alumnado e os postos das mestras.

13. ESPAZO DE FISIOTERAPIA E LOGOPEDIA



Ver Anexo 7 para ver os postos habilitados

14. CANLES DE INFORMACION DAS FAMILIAS E PERSOAS ALLEAS O CENTRO

Para dar a información xeral as familias e persoas alleas ó centro usarase a páxina web, teléfono (vía whatsapp só para as familias),

15. USO DA MÁSCARA NO CENTRO:

O uso da máscara será obrigatorio en todos os espazos do centro agás as persoas exentas do seu uso.

Fomentarase o uso da máscara polo maior número do alumnado.

Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

A obriga contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da

máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización, segundo a normativa do BOE do 20 de maio de 2020.

Dentro da información a subministrar ás familias o alumnado e o persoal dos centros incluírase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso.

Na cartelería do centro existirá unha específica que lembre a información sobre uso de máscaras.

16. INFORMACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO PLAN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Achegarase o plan a toda a comunidade educativa vía correo electrónico e tamén por correo ordinario para aquelas familias que non posúan conexión a internet, asemade, estará a dispor en formato físico en administración. Calquer cambio no plan será informado nas mesmas vías.

MEDIDAS DE LIMPEZA

17. LIMPEZA.

Nesta contorna a limpeza é importante, será realizada por todo o personal do centro durante a xornada lectiva seguindo a seguintes pautas. Asemade, realizarase unha limpexa tódalas tardes para desinfección do centro fóra da xornada lectiva.

Seguiranse os seguintes procesos:

- Porase na entrada do centro unha alfombra empapada en desinfectante para o calzado, e zona de secado do mesmo.
- Lavaranse as mans cada vez que cambiemos de espazo ou cada 1 hora aproximadamente (mínimo 5 veces ó día)
- Reforzarase a limpeza das instalacións, especialmente as zonas susceptibles de

- Reforzarase a limpeza das instalacións, especialmente as zonas susceptibles de transmisión do virus con produtos desinfectantes. Nomeadamente pomos de portas, chaves da luz, timbres, e pasamáns. Esta limpeza será realizada diariamente polo servizo habitual da Entidade. Asemade, desinfectaranse diariamente teléfonos sen cables, mesas e cadeiras, teclados e ratos de ordenador. Esta desinfección realizarase o profesional que utiliza ditos aparellos, e no caso de mesas, cadeiras ou sofás, farase como mínimo 2 veces ó día.
- Desinfectaranse os cuartos de baño cada vez que sexan usados. Todo o persoal deberá apoiar neste labor, independentemente dos/as profesionais que a realizan diariamente, incluírase cuadro de control de limpeza dos baño.
- Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

CHECKLIST ventilación:

AULA:		
DÍA:		
HORAS	PERSOA	FIRMA
8.45/9.00 h		
11.00/11.30		
15.00/16:00		

- Cando un profesional presta asistencia individualizada ou pequenos grupos no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (profesor/a especialista, ou calquera outro) ventilarase e hixenizarase a aula logo de cada sesión.
- A limpeza farase en húmido, con desinfectante axeitado. Non se varrerá para non levantar po posto que podemos devolver os virus depositados nas superficies ao aire e aumentar o risco de contaxio.
- É importante deixar o menor grao de humidade nas superficies, pero deixaranse secar ao aire.

- Os produtos de limpeza recomendados son auga, xabón de superficie, lixivia, desinfectante de superficies. Existe evidencia de que a COVID-19 se inactiva en contacto cunha solución de hipoclorito sódico cunha concentración ao 0'1% nun minuto.
- Non se permitirá a entrada nas dependencias con superficies húmidas ata que sequen.
- Os utensilios de comida de persoal (vaixela, cubertos, vasos, etc.) deben lavarse tamén no lavalouza sen excepción. Se algunha persoa traballadora trae a súa comida da casa, unha vez finalizada a mesma deberá introducir tódolos elementos propios nunha bolsa pechada para levarlos a casa na mochila.
- Reforzarase a limpeza a fondo dos cuartos de baño que inclúa tódalas pezas (2 veces ó día), chan e azulexos, sen prexuízo da desinfección de superficies de contacto tralo seu uso.

18. **ELIMINACIÓN DE RESIDUOS.**

- Todo o lixo que poida ter estado en contacto con fluídos corporais retirarse en bolsa pechada.
- O lixo en contacto con fluídos corporais (saliva, mocos) que se desbote será a unha papeleira con tapa e pedal que terá bolsa.
- Retiraranse , polo menos cada día, as bolsas de lixo de cada papeleira.
- As bolsas de lixo permanecerán o menor tempo posible dentro do centro; levaranse ao contedor o antes posible.
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

19. XESTIÓN DE MATERIAL DE LIMPEZA

O centro educativo arbitrará as medidas oportunas para que o inventario e contabilización dos custos deste material sexan individualizables respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecostos derivados das medidas de prevención e hixiene ante o COVID- 19 e vixiar o consumo axeitado do mesmo.

O centro designará unha persoa que se ocupará do control e coordinación da limpeza das instalacións, ó que se lle entregará unha copia deste plan para que poida cumprir con tódalas medidas de hixiene necesaria. Esta persoa será a encargada de custodiar e levar o control de stock do material necesario para o desenvolvemento do seu cometido.

Complementariamente, todo o persoal do centro ocuparanse do reforzo da limpeza recollido neste plan. A persoa traballadora designada do centro encargarse de revisar o stock de material necesario. O control de stock do material de protección será responsabilidade da coordinadora do Plan. Elaboraranse rexistros para a xestión dos stocks.

Material recomendable:

- Material de hixiene persoal:
 - Xabón de mans.
 - Solución hidroalcolica.
 - Bolsas lixo plástico.
 - Papeleiras con tapa e con apertura a pedal.
 - Material de limpeza e desinfección do centro.
 - Deterxente multisuperficies.
 - Hipoclorito sódico ou desinfectante recomendado.

MATERIAL DE PROTECCIÓN:

20. INVENTARIO DE MATERIAL

- a. Luvas.
- b. Máscaras.
- c. Batas.

- d. Gafas/pantallas protectoras
- e. Termómetros de infravermellos.

21. DETERMINACIÓN DO SISTEMA DE COMPRAS DO MATERIAL DE PROTECCIÓN

A coordinadora do plan será a encargada de velar pola xestión e distribución do material de protección do centro xunto ca administración do centro e da asociación Aspaber.

22. DISTRIBUCIÓN E REPOSICIÓN DO MATERIAL

A consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección. Corresponde ao equipo formado na COVID-19, en colaboración coa secretaría do centro, o inventario das mesmas e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade propia do centro.

Corresponde ó centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplir o aprovisionamento de equipos de protección que non sexan centralizados pola consellería, en especial xel hidro alcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, luvas, papeleiras de pedal, impresión de cartelería e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección.

Corresponde ó equipo COVID en colaboración coa secretaría do centro distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.

XESTIÓN DE ABROCHOS

No contexto deste protocolo, defínese abrocho como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de gromo ou brote.

23. DETERMINACIÓN DAS MEDIDAS ANTE UN ABROCHO

23.1 Que facer cando se teñen síntomas?

Non asistirán ó centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico da COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

23.2 Que acontece cando os síntomas aparecen no centro educativo?

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", en virtude da mesma:

- a) Levarase a un espazo separado de uso individual (aula de illamento), colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado) Contactarase coa familia
- b) A persoa ou o a familia/titor legal deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
- c) O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse

o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.

23.3 Que se fai cando aparece un caso confirmado nun centro?

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como dos que sexan contacto máis próximos que estean vencellados ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

23.4 Cales son as medidas sanitarias que se activan?

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.

24. Escenarios no suposto de abrochos

24.1 Como se xestiona o abrocho no centro? Que fai a autoridade sanitaria?

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, do centro educativo ou a súa totalidade de conformidade co previsto na "Guía de actuación ante a aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e co "Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2" publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia <2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo un período de 14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia.

24.2 Que se fai cando se confirma un caso sospeitoso?

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de tódalas persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

24.3 Que acontece cando se suspenden as clases?

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ó ensino a distancia.

24.4 ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DA ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado, para iso estableceranse distintas canles dado as diversas características do noso alumnado (videochamadas, teléfono, correo ordinario, correo electrónico.). O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os contidos das súas ACIS. Igualmente, o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen os contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) A comunicación cas familias farase mediante teléfono, correo electrónico, videoconferencias...
- b) Traballarase tendo en conta as características tecnolóxicas e o contexto familiar, así como as necesidades do propio alumnado que haxa en cada casa.
- c) Preparase un dossier individual ó comezo de curso con actividades diversas para traballar na casa ante un posible caso de corentena, no caso de ter problemas cos medios tecnolóxicos.
- d) Ó comezo de curso realizaranse activades de formación de manexo das TICS para o alumnado.

24.5 MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O

Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

MEDIDAS QUE AFECTAN ÁS CONDICIÓNIS LABORAIS

25. XESTIÓN DAS PETICIÓNIS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE.

De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. (Anexo 2)

O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2.7 (Anexo 3 e 4)

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

26. Que mecanismos de colaboración existen entre consellerías?

Conformado por membros das consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional existirá un Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia que se constituirá como elemento básico de coordinación e adopción de decisións. Poderán integrarse neste órgano os expertos clínicos que designe o Conselleiro de Sanidade.

No exercicio da súa condición de persoa coordinadora do equipo COVID, a persoa titular da dirección é a encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade, do Sergas ou co Grupo de Coordinación de Seguimento da Pandemia. Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado.

O equipo COVID-19 de cada centro educativo deberá estar en disposición de dispoñer no menor prazo de tempo dunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro (a información deberá agruparse por aula e co profesor asignado á mesma ou en contacto co alumnado da mesma) no que figure a identificación persoal, un ou varios números de teléfono de contacto e o enderezo para, de ser o caso, poder trasladado ás autoridades sanitarias.

O “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” será comunicado ao persoal do centro, a tódalas familias e ao alumnado. Será remitido tamén a Inspección educativa xunto co resto da documentación correspondente ó inicio de curso.

O centro elaborará, e aprobará pola dirección, un “Plan de Continxencia” de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

27. REGULACIÓN DE CIRCULACIÓNS E DE ENTRADAS E SAÍDAS

O obxectivo das seguintes medidas é a non aglomeración de persoas, tanto a entrada como a saída dos centros, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersoal. Establecerase unha entrada principal común para todo o alumnado onde se realizará a hixiene e deixarán as súas pertenzas (tamén no recreo).

Unha vez na entrada do centro seguiremos unha serie de pasos:

- Limpeza de calzado, na alfombra da entrada do centro.
- Deixa as súas pertenzas (abrigo e mochila) na súa percha, e hixienizan as mans para poder ir á aula.

Haberá solución hidroalcohólica a auga e xabón para a hixienización, debemos valorar que en algúns casos utilizárase auga e xabón polas características do alumno/a.


Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcohólico pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso dos dispensadores non deben de ser accesibles sen supervisión.

A entrada será por quendas seguindo a orde de chegada dos transportes, de un e un. Dende as 9 da mañán.

A entrada será por quendas seguindo a orde de chegada dos transportes, de un e un. Dende as 9 da mañán.

A saídas realizaranse en quendas, dende a súa aula, co fin de evitar aglomeracións. A subida os transportes tamén será según o transporte.

Se algún alumno/a ven en coche particular os acompañantes deberán usar máscara, e non podrán entrar nas aulas.



PATIO/TRANSPORTES

-  ENTRADA
-  SAÍDA
-  PORTAS

28. CARTELERÍA

O centro dispón de cartelería informativa nas entradas, corredores, que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e aseos reforzase a información sobre hixiene individual.

A sinalizacións tamén incluírase a través de SAAC para facilitar o acceso a información do noso alumnado ó COVID.

Utilizarase tanto a cartelería da Xunta como a realizada dende o centro.

29. ASIGNACION DO PROFESORADO ENCARGADO DA VIXILANCIA

Todo o persoal do centro colaborará nas gardas de entrada/saída. A quenda de garda durante a semana é das dúas mestras.

30. AULAS

Como se colocan os pupitres na clase?

A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras.

O alumnado sentarase sempre que se poida no mesmo lugar, para facilitar a súa localización (mesa e silla) estarán indicados cunha foto. O material tamén será de uso individual. Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo.

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material. Asemede o material será entregado e hixenizado polo persoal do centro.

Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de fruta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersonal elevarase a 3 metros.

Nas perchas, o material ou roupa, colocárase do xeito mais individualizado posible.

Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans se non o fixo previamente. Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación presentadas como algo lúdico.

Evitarase os desprazamentos innecesarios do alumnado.

Lavaranse as mans 5 veces o día con auga e xabón cunha duración de 40 segundos.

A merenda realizarase de xeito individual en grupos colaborativos e en espazos diferenciados. No caso de ser posible no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita.

No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasiaos ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.

Recomendase traer unha mascarilla de reposto na mochila.

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS

31.DETERMINACIÓN PARA XUNTANZAS DE ANPAS E CONSELLO ESCOLAR E REALIZACIÓN DE EVENTOS.

Actualmente non existe ANPA no centro.

Os Consellos Escolares celebráranse preferentemente de xeito telemático.

Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención, desinfección, distanciamento (usos obrigatorio de máscara) e aforos (50 por cento da capacidade) sempre que se permita manter a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

32.PREVISIÓN DE REALIZACIÓN DE TITORIAS E COMUNICACIÓNS COAS FAMILIAS

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección

do centro sexa preciso a titoría presencial, esta realizarase coas debidas medidas de protección.

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e o whatsapp corporativo.

En caso de asistencia de familiares ó centro:

- Non poderán acceder ó centro as visitas, agás con cita. No caso de que en horario do centro se precise que un familiar acceda por motivos xustificadas (indisposición do alumnado, cita médica ou outras causas debidamente xustificadas) accederá só á entrada do centro (administración). Deberá entrar con máscara ou tapa bocas e previa desinfección do calzado. Indicaráselle que non debe tocar ningún obxecto ou mobiliario e, se o ten que facer, desinfectarase inmediatamente.
- No caso extraordinario de ter que acceder ó centro, poderá facelo un/unha familiar por alumno/a.
- O/a familiar deberá desinfectar as mans e rexistrar a temperatura a través do termómetro situado na porta de administración de acceso ó centro.
- Será o persoal do centro quen acompañará o alumno/a á entrada. Se é preciso acompañará ata a porta. Se precisa acompañalo/a ata o vehículo, aínda que non se trate dunha circunstancia que teña que ver coa COVID-19, deberá desinfectar o calzado e as mans novamente ao volver a entrar.

MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRASPORTADO

33. ESTABLECEMENTO DE MEDIDAS DE ENTRADA E SAIDA DOS VEHÍCULOS NO CENTRO.

A baixada/ subida do alumnado os transportes realizarase por quendas segundo a chegada dos transportes, non podendo entrar o recinto máis de un transporte a vez.

Debido as características do noso centro a alumnado, realizará a espera do transportes na aula.

Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.

MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

34. COMEDOR

O uso do comedor escolar, quedará limitado á capacidade suficiente para ter ó alumnado separado por 1,5 metros de distancia.

Na medida do posible, o alumnado distribuirase no comedor por aulas. Para o comedor utilizaremos as tres aulas do centro. O sitio de comedor asignado ó alumnado será sempre o mesmo. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade.

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se usen

Para o inicio do servizo de comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva.

Os menús serán suministrados polo servizo de catering A Pedra, e empratados no centro mantendo as medidas hixienicas establecidas.

Plano mesas comedor Anexo 8

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

35. OUTROS ESPAZOS

No centro neste momento contase cunha aula de usos múltiples onde trasladaremos a biblioteca, xa que o anterior espazo o utilizaremos coma zona de recepción. Neste curso utilizaremos dita aula como aula de apoio/logopedia/fisioterapia/comedor.

Nesa aula marcaranse os sitios que poderán ser utilizados respetando as distancias de 1,5 metros agas nos servizos de fisioterapia e logopedia, onde e imprescindible o contacto co alumno/a.

O espazo contará con solución hidro alcohólica e panos desbotables, asemade contarase cunha papeleira con pedal.

Sera de uso obrigatorio a máscara para tódalas persoas que teñan obriga de usala.

36. BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo. Excepcionalmente, se fose posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

A persoa responsable da biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca. Anexo 9

37. ASEOS

O uso dos aseos será individual ou o/a alumno/a e o coidador, nos casos nos que se precise apoio.

Durante os recreos, e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixilando os aseos.

O persoal coidador que acompañe ó alumnado ó aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas.

Durante a situación Covid evitarase a hixiene de dentes no centro, pasando a ser unha actividade a facer na casa por mor a posibles contaxios e minimar riscos, tendo en conta que despois de comer o alumnado xa marcha para a casa é posible facer isto.

Realizarase a desinfección dos aseos despois de cada uso.

38. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS RECREOS

Intentarase garantir distancia polo menos 1,5 metros entre o alumnado. Nos recreos procurarase o maior uso da máscara para xogar no patio, agás nalgúns casos excepcionais.

O recreo será de 11:00 a 11:30 para todo o grupo convivencial.

As dúas mestras e o coidador farán a garda de luns a venres.

No período de recreo extremarase a vixilancia do alumnado. Do mesmo xeito o equipo directivo poderá prohibir o uso de elementos comúns de xogo ou a utilización de obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos.

39. MEDIDAS ESPECIFICAS PARA ALUMNADO EN COMBINADA

Establecerase un contacto inicial ó comezo de curso para establecer as medidas a tomar co alumnado de forma conxunta.

No caso dalgún abrocho avisarase os EQUIPOS COVID dos centros cos que temos escolaridade combinada.

40. PREVISIÓN ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidro alcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas.

O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

O uso da máscara será obrigatorio durante toda a xornada. O uso de pantalla será de carácter voluntario.

Tódalas reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, distancia de seguridade de 1,5 metros, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

Órganos colexiados

Na medida do posible realizaranse por videoconferencia ou telemáticamente.

Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma é un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

41. MEDIDAS DE CARACTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

O equipo COVID debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa. Mantendo unha canle de comunicación permanente coas familias e achegando a información ó alumnado.

- Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.

- Comunicarase (incluída a publicación na web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.

- Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomenten o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19 dende o programa doctora tiritas (PXA).

No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia.

42. AUTOEVALUACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS

Para avaliación da implantación do plan, utilizaremos a enquisa de control rápido e eficaz das medidas previstas en canto á prevención e protección, tanto de traballadores como de alumnos e visitas ao centro.

O cuestionario cubrirase ós 15 días do inicio de curso lectivo presencial polo EQUIPO COVID, aseme de o seguimento e avaliación do Plan realizarase cada mes ou no caso de observar algunha incidencia ou necesidade.

ANEXOS

ANEXO 1



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
 E FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE SANIDADE

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

ANEXO II: PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN PARA A XESTIÓN DA VULNERABILIDADE EN ÁMBITOS NON SANITARIOS NIN SOCIO-SANITARIOS

Grupos vulnerables	Patoloxía controlada				Patoloxía descompensada				Comorbilidade ≥ 2 aspectos			
	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4
Exposición laboral	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermidade cardiovascular/HTA	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Diabetes	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermidade pulmonar crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermidade hepática crónica severa	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Insuficiencia renal crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Immunodeficiencia	1	3	3	3	1	4	4	4	1	4	4	4
Cancro en tratamento activo	1	4	4	4	1	4	4	4	1	4	4	4
Obesidade mórbida (IMC>40)	Sen patoloxía engadida				Sen patoloxía engadida controlada				Patoloxía engadida descompensada			
	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4
Embarazo	Sen complicacións nin comorbilidades				Con complicacións o comorbilidades							
		3	3	3	1	4	4	4				

NR1 (Nivel de risco 1): Semellante ao risco comunitario, traballo sen contacto con persoas sintomáticas.

NR2 (Nivel de risco 2): Traballo en contacto con persoas sintomáticas, mantendo a distancia de seguridade e sen actuación directa sobre elas.

NR3 (Nivel de risco 3): Asistencia ou intervención directa sobre persoas sintomáticas, con EPI axeitado e sen manter a distancia de seguridade.

NR4 (Nivel de risco 4): Profesionais non sanitarios que deben realizar manobras xeradoras de aerosóis, como por exemplo RCP.

1	Non precisa nin adaptación nin cambio de posto, permanecendo na súa actividade profesional
2	Continúa a actividade laboral. Pode realizar tarefas con exposición a persoas sintomáticas con EPI axeitados
3	Pode continuar actividade laboral sen contacto con persoas sintomáticas. Se existe imposibilidade, iníciase a tramitación para declarar ao/a traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo - lactancia (PREL)
4	Precisa cambio de posto de traballo e, de non ser posible, iníciase a tramitación para declarar ao/a traballador/a como especialmente sensible ou prestación por risco durante o embarazo-lactancia (PREL)

ANEXO 3

ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE

SOLICITANTE	
Nome e apelidos:	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico (obligatorio):	
Enderezo a efectos de notificacións :	
Código Postal:	Localidade:

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO	
Nome do Centro:	
Enderezo:	
Código Postal:	Localidade:
Posto de traballo:	

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos da determinación do condición de persoal sensible de conformidade co previsto na Resolución de 22 de xullo de 2020

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

_____, ____ de _____ de 2020

Sinatura:

DIRECTOR/A DO CENTRO

ANEXO 4

ANEXO IV: MODELO DE CERTIFICACIÓN DE CONDICIÓN DE SEGURIDADE NO CENTRO EDUCATIVO

O 22 de xullo de 2020 dítase a Resolución das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade, pola que se determina o protocolo de inicio do curso 2020-2021, se determinan as instrucións e se adoptan medidas de prevención e hixiene nos centros de ensino non universitario dependentes da Consellería.

No protocolo establece o informe que debe elaborar a dirección no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes para o solicitante.

D./Dna. _____ solicitou a súa consideración como persoal sensible.

Polo exposto, D./Dna. _____, na súa calidade de Director/a do centro de ensino público _____,

INFORMA:

Marcar con X ou tachar o que non proceda

- Que o solicitante presta servizo neste centro educativo en condición de: docente, persoal administrativo, de limpeza, ou outra categoría.
- Que no centro existe dotación de xel hidroalcohólico, e restantes elementos para a hixiene das mans consonte ao protocolo.
- Que existe dispoñibilidade de máscaras diarias para o solicitante.
- Que nas aulas existe unha separación de 1,5 metros ata o lugar ocupado polo alumnado.
- Que nos espazos comúns (sala de profesores, salas de reunións, etc.) existe unha separación de 1,5 metros entre os postos.
- Que no posto de traballo (persoal administrativo) existe a debida separación de 1,5 metros diante das persoas que acoden ao centro.

E para que conste diante da inspección médica da Xefatura Territorial de _____.

Asinase o presente informe con data ___ / ___ /2020 (sinatura e selo)

TODAS AS MAÑANS...

PRESENTEI ALGÚN DOS SÍNTOMAS
NAS ÚLTIMAS 2 SEMANAS?

FEBRE MAIOR DE 37'5

TOSE SECA

DIFICULDADE
RESPIRATORIA

DOR MUSCULAR

DIARREA

FALTA GUSTO

FALTA OLFAC TO

FATIGA SEVERA

ENFERMO



NO

SI

CONTACTE CO SEU
PEDIATRA/MÉDICO

TIVEN CONTACTO OU CONVIVIN CUNHA PERSOA
CONFIRMADA OU SOSPEITA DE INFECCIÓN
COVID19 NAS ÚLTIMAS DÚAS SEMANAS?

NO

SI

CHAME Ó CENTRO
EDUCATIVO

VOU Ó COLE

QUEDO NA CASA

COLEGIO



CASA



ANEJO 6

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a _____, matriculado no curso _____, do centro educativo _____


DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En _____, a ____ de _____ de 2020.


ASDO. _____

Anexo 7.



ANEXO 8

13 PUESTOS DE COMEDOR



ANEXO 9:

PROTOCOLO COVID-19 PARA A BIBLIOTECA ESCOLAR

O protocolo da biblioteca escolar do centro educativo ten por finalidade establecer os procesos para o uso da biblioteca neste curso 2020/2021 ante a contexto da COVID-19.

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO:

A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo. Excepcionalmente, se fose posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na biblioteca escolar.

O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas aqueles sitios que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. A zona de colchonetas será de uso individual.

Ó rematar, o alumnado con maiores capacidades limpará o seu posto, a continuación, o persoal da biblioteca hixienizarán/desinfectarán os postos que foran ocupados.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 4 horas antes de volver aos andeis.

Aplicanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

A biblioteca contará con solución hidroalcohólica, panos desbotables, e papeleira con pedal.